

## Enquisa de bovino. Ano 2001

### COMUNICADO

---

## CONTINÚA O PROCESO DE MODERNIZACIÓN E ESPECIALIZACIÓN NAS EXPLOTACIÓNS GANDEIRAS


### **Segue reducíndose o número de explotacións e aumentando o número medio de vacas por explotación**

Na “Enquisa de bovino” do 2001, incorpórase un cambio metodolóxico específico debido ó atraso que se produce na campaña de saneamento gandeiro 2000, o que finalmente levou a empregar a campaña de 1999 como marco de mostraxe da enquisa. Este atraso fai que a elaboración dos resultados da enquisa de bovino coincida co remate da campaña de saneamento 2001, polo que se decidiu que as variables número de explotacións e número de efectivos que aparecen na enquisa, sexan directamente os da campaña. Esta é a razón pola que os datos do 2001 non son comparables na súa totalidade coas series anteriores, pero si confirman as tendencias que se veñen observando dende hai unha década nas estimacións da enquisa de bovino.

Así pois, segundo os datos do 2001, o número de explotacións gandeiras con vacas segue a tendencia marcada na última década, cunha taxa de variación negativa do 18,7% con respecto ó ano 2000 e de 42,4% con respecto ó 1992, pasando das 107.138 explotacións no 1992 ás actuais 61.703.

Mentres o número de explotacións se reduce case que á metade, o número medio de efectivos e a superficie media por explotación duplácase, pasando das 6 vacas por explotación e 7,2 hectáreas no ano 1992 ás 12,2 vacas actuais e ás 14,3 hectáreas de media.

En canto ás cantidades invertidas nas explotacións seguen sendo as de maior contía os investimentos en terras, gando, construcións, cota e maquinaria agrícola.




### **Nas explotacións dedicadas a produción de leite prodúcense os maiores cambios**

As tendencias acentúanse si se refiren ás explotacións dedicadas a produción de leite. Así, o número de explotacións redúcese máis da metade no mesmo período, pasando de 74.052 explotacións a 32.429, e o número medio de vacas de muxidura por explotación de 6,3 ás 15,7 vacas no 2001.

Todo este cambio vai parello a unha continua modernización e especialización das explotacións, así o 89,5% das explotacións leiteiras posúen muxidura mecánica e o 81,9% sistemas de refrixeración do leite.

Se atendemos á cantidade de explotacións en función do número de vacas de leite por explotación, os maiores aumentos prodúcense naquelas que posúen máis de 30 efectivos de leite, pasando de representar o 1,5% en 1992, 11,6% no 2000 ó 17,8% no 2001. Sen embargo obsérvase que máis da metade das explotacións séguense concentrando nos tres primeiros estratos (explotacións con menos de 9 vacas de leite), un 55,9%. Segundo os pesos das explotacións con algunha vaca de leite o maior incremento prodúcese no estrato último, explotacións con 50 ou máis vacas de leite, que pasa de representar un 0,2% en 1992, un 2,2% no 2000 a un 7,1% no 2001.

Por outra banda a produción láctea segue a súa progresión ascendente ano a ano. Sinalar, sen embargo, que o 2001 é o primeiro ano onde a maior concentración de produción se atopa no estrato de 50 ou máis vacas de leite (cun 38,4%), ata agora as maiores porcentaxes de produción concentrábanse nos estratos intermedios.



Para máis información:

**Instituto Galego de Estatística**  
 Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
 15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
 Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
 FAX: 981.54.13.23  
 Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>  
 e-mail: [ige@xunta.es](mailto:ige@xunta.es)